

OS GALOS

Revista de divulgación da cultura marítima e fluvial. Bueu. Nº6. 2012





Revista de divulgación da cultura marítima e fluvial: Os Galos. Número 6.

Sinatura	Peza	Páxina
Os Galos	Editorial	3
Diana Bernárdez	O estaleiro de Purro	4
Xerardo Dasairas	Tradicións mariñeiras	5
Salvador Rodríguez	Navegando nas noites do cabalo	7
Redacción	O pasado encontro	8
Diana Bernárdez / O'Xedas	Homenaxe aos náufragos	9
Xaime Toxo	Bucaneiros de hoxe	11
Luís Davila	Humor mariñeiro	12
Luís Chapela	Poemas de 'Sementeira de orballo'	13
Lucía Novas	Tres tempos	15
Guillermo Gefaell	Cativa esperaba a serea	17
Xaime Toxo	Ulises volta das illas	18
Redacción	Modelo da folla de inscrición como socio de Os Galos e programa do XVI encontro.	22

Equipo

Coordinación: Ana Gil e Diana Bernárdez

Deseño e maquetación: Diana Bernárdez

Patrocina: Concello de Bueu

Contacto coa asociación: galosbueu@yahoo.es

Contacto para medios de comunicación: galoscomunicacion@gmail.com

Páxina en Facebook: Os Galos Bueu

Blogue: <http://osgalos.wordpress.com>

Número de ISSN: 1188-606X **Depósito Legal:** PO 459/2006

Editorial

A revista Os Galos chega á súa sexta edición. Non foi doado. A conclusión da primeira reunión do equipo foi "se temos que mudarnos á rede, farémolo". O mesmo dá se lle chaman desaceleración, recesión ou *crisi*, o contexto económico actual supón a excusa perfecta para darlle coa porta na cara a todo canto non sexa pan ou circo. A cultura non se come, ben certo é, mais, sen ela, só conseguiremos aumentar a alienación entre as persoas ao esquecer as nosas raíces.

Este número arranca cun tema que nunca abandona a actualidade: o estado lamentable de conservación no que se atopa o estaleiro de Purro. Tamén homenaxeamos aos náufragos, nesta ocasión aos que fican lonxe da súa terra. O recuncho literario está máis abundante ca nunca, con case que tantos versos coma prosa. E, por suposto, nestes tempos debemos esquecer o riso do humor mariñeiro.

Este podería ser o derradeiro número en papel da revista Os Galos, de feito, existe unha versión máis longa accesible dende o noso blogue. Porén, o noso propósito por saír adiante e divulgar o patrimonio marítimo da vila está máis forte ca nunca pois somos moi conscientes de que aterrando o noso pasado carecemos de perspectiva para mirar cara o futuro.



Varios membros da asociación apuntalan as partes máis danadas do tellado con remos e mastros.// D. B.

OS GALOS EXECUTA AS LABORES DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN MÁIS URGENTES PARA EVITAR O COLAPSO DO ESTALEIRO DA BANDA DO RÍO

Diana Bernárdez

O derradeiro estaleiro de ribeira da Ría de Pontevedra resistirá. Non son poucas as edificacións que sobreviven a pesares de teren sido invadidas e saqueadas máis dunha vez ó longo da súa vida e seguen en pé. A batalla que semella librar 'a de Purro' é de desgaste. A asociación de amig@s das embarcacións tradicionais Os Galos reuniuse o pasado mes de xullo para realizar labores de limpeza e mantemento na edificación.

Os traballos consistiron no apuntalamo das vigas que máis sofren os efectos da humidade que produce a auga da choiva ao atravesar as uralitas. Estas levan rotas dende que se ergueu o tellado cun guindastre para embaldosar o paseo marítimo. Tres remos, dous mastros e algunha vara que a asociación garda no estaleiro serviron como puntais para tratar de sustentalo durante algún tempo máis e minimizar o perigo que supón tanto para poboación de Bueu coma para os milleiros de turistas que se achegan á vila e pasean polos

arredores da carpintería de ribeira. Amáis, ás tarefas de limpeza habituais, desbroce da maleza que medra no recinto, houbo que sumarlle a recollida de todo tipo de basuras procedentes do día a día do paseo.

CUESTIÓN DE VONTADE

Con esta actuación, o colectivo pretende denunciar o desinterese das autoridades competentes no devir da construción (Concello de Bueu, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia e o Servizo Provincial de Costas) xa que non están autorizados a acceder a el -precisamente polo risco que supón para todos- e esixe que se frene o deterioro que padece nestes momentos. "O único que fixeron dende a publicación dun informe que o declaraba en ruínas foi un valado metálico" recrimina o presidente da asociación, Víctor Domínguez. Quen tamén lembra que "o cerramento orixinal está apilado nunha esquina do estaleiro".

COSTUMES TRADICIONAIS DOS MARIÑEIRO RELACIONADOS COAS CRENZAS RELIXIOSAS (1)

Xerardo Dasairas Valsa

Todos temos na mente a difundida cerimonia da botadura dun barco, escachando na súa proa unha botella de champaña. De todos é sabido que, de non escachar esta co impacto, o mal agoiro pairará sobre o barco e a súa función. Este é un costume mediterráneo proveniente da cultura grecorromana, na que lles ofrecían ánforas con viño tinto aos deuses e que substituían o costume de verter o sangue de persoas (nenos, escravos, cativos...) como ofrenda aos deuses do mar (Poseidón, Eolo...) e á divindade que protexía a nave, normalmente representada na proa. No século XIX impúxose o costume de facer a botadura unha madriña que, na España máis rancia, tamén se facía acompañar polo cura, introducíndose unha especie de bautizo de obxectos que se estendeu tamén a outros campos (animais, campás...). Galicia asumiría en moitas ocasións (grandes estaleiros) este ritual importado, mais, como imos ver, as formas de impetrar a protección e boa fortuna dos nosos barcos tradicionais, aparellos e pesca, eran moi diferentes.

Os mariñeiros de Corrubedo e Corme botaban desde as súas dornas pan branco ao mar de Camariñas para que o vento calmase, e tiraban pan de boroa para que o vento viñese.

Os mariñeiros de Laxe machucaban unha pedra que está ao pé da ermida da santa Rosa e levábana colgada en escapularios, procurando a súa seguridade no mar.

Nalgúns portos, igual que se facía en terra con calquera obra de construción, cando os carpinteiros reparaban ou remataban un barco, poñían un ramo nel. Esta árbore adoita ser un loureiro, debido ás crenzas sobre os seus efectos protectores contra todo mal, tal como facían os emperadores romanos colocándoo sobre a súa cabeza ou mesmo nos furanchos para que non se estrague o viño.

Na illa de Ons, cando entre moitos que teñen moita pesca un non pilla ren, este xulga que ten a súa dorna enmeigada; entón sae de noite á praia vareala cunha xesta ata que cansa.

Porén, en Portonovo, os mariñeiros ían ás aldeas veciñas roubar (non tiña efecto se non

era así) varas do gando (aguilladas) e con elas vareaban o barco. Se isto non daba resultado, collían algo do barco, normalmente unha pana de rede, e levábanllo a un menciñeiro para que este fixese sobre ela os seus esconxuros.

Nalgúns portos derramaban viño polas táboas do barco e colocaban ramallos de loureiro e xestas na proa e na popa da embarcación para impetrar o bo tempo.

A finais de xaneiro do 1885, segundo recolleu a prensa, os pescadores de Marín viron como unhas estrelas se xuntaban e caían no mar a gran velocidade. Moi asustados, retornaron rapidamente ao porto e no día seguinte celebraron unha misa cantada por non lles pasar nada. (Ao final sóbose que eran aerólitos).

A PEÑORA

A peñora era unha pena ou multa que se lles impuña aos mariñeiros que eran collidos traballando en festivo. Tiñan que lle doar un terzo do capturado á súa parroquia. Antigamente, tamén adoitaban deixar os tripulantes unha parte para os santos da súa especial devoción, mais este costume caeu en desuso, sen dúbida por deixar de crer, pola desafección á Igrexa e pola divulgación e propaganda de ideas socialistas e disolventes, segundo nos explicaron.

A BENDICIÓN DOS BARCOS E APARELLOS

Este costume de bendicir anualmente embarcacións e aparellos tiña moito arraigamento nos portos galegos do Cantábrico e así, cando se iniciaba a costeira, o primeiro día en que se inauguraban as faenas, os mariñeiros requirían a presenza do párroco para que fixese descender a bendición do Pai que todo o pode, do Fillo que todo o perdoo e do Espírito Santo que todo o inspira, sobre as artes, embarcacións e accesorios. Era, sen dúbida, un espectáculo curioso e devoto: as embarcacións estaban amarradas, as xentes de mar enchían o porto e, revestido de alba e estola, chegaba o ministro do Señor acompañado do sancristán e entraba nunha

embarcación; a tripulación formaba sobre cuberta e o cura dicía as preces de ritual e facía asperxementos con auga bendita, rogándolle ao Altísimo que protexese aquela xente que loitaba polo panem nostrum quotidianum... Así, ía percorrendo todas as embarcacións e tan arraigado estaba o costume de bendicilas que ninguén se atrevería a saír ao mar sen que antes a Igrexa santificase as artes.



Bendición do Lanzo da Cruz // Xerardo Dasairas

O LANCE DA CRUZ

Este ritual, semellante ao anterior, é tamén coñecido como Lance das Imaxes e consiste na bendición das redes para a captura da lamprea no Miño. Despois do lance, as primeiras lampreas son para os curas das parroquias de cada lado, galego e portugués, que interveñen no acto. Emilio Álvarez Blázquez referencia esta tradición inmediata ás celebracións da Pascua e que ten por escenario a freguesía de Cristelo-Covo (Valença), na ribeira portuguesa, e a veciña parroquia de Sobrado (Tomiño) na parte galega, concretamente o seu barrio de Torrón, no antigo Porto Ladróns, lugar que era o límite xurisdiccional do couto tudense. Trátase da romaría do Lance da Cruz, cerimonia na que participan mancomunadamente as xentes miñotas, tanto galegas como portuguesas. Estamos diante dunha vella tradición conservada polos pescadores do Miño e da que descoñecemos as súas orixes, pero certamente podemos afirmar que estamos diante dun secular costume, que reúne nunha mesma festa ás nosas xentes.

No luns de Pascua, á tardiña, despois da visita pascual á freguesía de Cristelo-Covo, o párroco, debidamente vestido e cunha cruz

ornamentada, entra nun barco e diríxese ata a marxe galega onde lles dá a cruz a bicar aos fregueses. Durante este período son lanzadas, polos pescadores desta freguesía, as redes bendicidas ao río. Todo o peixe que saia no lance é para o párroco. Entre tanto, o párroco portugués regresa no barco co párroco da parroquia galega, dándolles a cruz a bicar aos fregueses que agardan xunto ao río, na marxe portuguesa. Varias embarcacións portuguesas e galegas acompañan esta cerimonia nas augas do Miño. Ata a noite os sons das gaitas mestúranse cos das concertinas, das castañolas e o ruído dos bombos e tambores nunha auténtica romaría galaico-miñota na que ao día seguinte se goza das merendas, comendo, sobre todo, o que sobrou do carneiro ou do cabrito da Pascua.

DESENCONTRO ENTRE MARIÑEIROS E RELIXIÓN EN DURANTE A II REPÚBLICA

A pesar das fortes relacións que durante séculos mantiveron os gremios e confrarías do



[Cadro] Bendición de barcos do atún de Paul Signac
mar, contribuíndo co seu esforzo á construción e mantemento das igrexas, sempre estaría presente entre as xentes mariñeiras o mal agoiro que supuña mencionar a bordo dos barcos o nome do cura ou do raposo. Esta superstición, coidamos que vixente aínda hoxe, tería nestas datas unha forte presenza entre as xentes do mar segundo contrastadas referencias orais. A mención dos curas a bordo podería supor un capote ou lance frustrado, ficaren sen pesca ou sufriren un accidente. Para esconxurar este perigo, era preciso que alguén



Bendición dunha barca de río. //Xerardo Dasairas

tocase ferro inmediatamente, a ser posible co rizón na proa. Cando era imprescindible a alusión aos curas, esta facíase baixo a forma de "Xa me entendes". Ningún armador ou patrón permitía que un cura subise a bordo nin para ir de paseo, pois a súa presenza era considerada moi nefasta pola tripulación. Polo mesmo

motivo, non se bendicían nin barcos nin redes aínda que fosen de estrea. Quizais por este motivo fosen tan escasas as procesións marítimas, pois existían moitas reticencias, incluso no día do Carme, a pesar de contar coa protección desta Virxe. Contra todo isto, apúñase en terra unha ansia de colaboración dos mariñeiros nas procesións e actos relixiosos relacionados coa súa confraría, coas festas locais ou coa Semana Santa, onde era preciso o concurso dos homes para transportaren as pesadas andas das imaxes. O incerto das singraduras, os numerosos naufraxios e o omnipresente temor á morte sincretizábanse acotío nos sentimentos de fe dos homes do mar.

NAVEGANDO NAS NOITES DO CABALO

Salvador Rodríguez

Os mellores discos dos Beatles e dos Stones chegaránnos tarde. A loita estudantil contra o franquismo xa fora asunto dos nosos irmáns maiores. A vida san?, iso para os que sabían xogar ben ao fútbol! O resto iamos de bares armados con veos e setes de copas, mesturabamos licores en semáforos para entrar no Paraíso e faciamos malabarismos nas pistas dunhas discotecas nas que soaban os "Rivers of Babylone" de Boney M. Sentín no seu día moi achegada a min a película Heroína porque fala dunha xeración á que reclamo pertencer, porque me movo nese abano de idade dos que, superviventes á fin de contas, agora andamos entre os corenta e tantos e o medio século e pico.

Ben sei que a algúns mozos de hoxe lles daría espanto asistir a aqueles suicidios en vida, pero naqueles tempos aínda nos abraiaba a boa fachenda dos cadáveres en fotografía de Jimi Hendrix ou Janis Joplin. Descoñeciamos que carallo significaba morrer porque criamos que ese número soamente tocaba nunha lotería á que xogaban outros, pero non nós. O cabalo parecía invisible, malia que todos sabiamos que "estaba aí", e só empezamos a sospeitar que o diaño estaba detrás daquel misterioso polviño cando Miguel Ríos avisou de que o seu nome era A Morte. Ata o daquela o que ocorría era que os que pasaban do porro ao cabalo eran os

privilexiados, os xefes, os que xa perderan o medo, unha elite para un Olimpo no que eran quen de falarlle de ti a ti aos vicios das súas admiradas estrelas nos pedestais das lendas tecidas cos fíos da mentira.

Comezaron a morrer á conta do xutazo e fíxose famoso ler na prensa o erróneo diagnóstico de sobredose. Pouco despois petou na porta a sida: "Iso só lles pasa aos americanos e aos maricóns", pensamos. Pero cando as primeiras análises ditaron sentenza contra os que levaban o bicho dentro e tivemos que asistir aos nosos primeiros enterros, perdémonos nun labirinto no que, a pesar de todo, aínda os houbo que preferiron continuar afundíndose.

Xa se me foron chamar ás portas de san Pedro uns cantos amigos por culpa do cabalo, uns de súpeto, outros paseniño, sen facer ruído. Dalgúns doume tempo a mirar como se descompoñían en vida, como se desfiguraba a súa faciana, como nos seus derradeiros días na rúa non eran quen nin de dar catro pasos sen que lles estalasen os ósos tan sonoramente que ata se escoitaban os berros do silencio. Eu tamén tiven o animal preto de min e recoñezo agora que non foi ningunha fazaña non me atrever a montalo.

Os que navegamos nas noites do cabalo sabemos que acontecían estas cousas.

A DÉCIMO QUINTA EDICIÓN DO ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE BUEU ARRANCOU COAS EXITOSAS TRAVESÍAS CON TURISTAS NA SEMANA MARIÑEIRA DA VILA

Redacción

A vela tradicional ten un grande atractivo turístico. Así o demostraron as preto de cento trinta persoas que saíron nas travesías organizadas por Os Galos en colaboración co Concello de Bueu o pasado verán. Tan só foi unha semana, a previa ó encontro, e serviu como aperitivo para a tripulación antes da cita cos demais colectivos marítimos da zona.

A xuntanza deu comezo o 19 de agosto, cando



Regreso trala navegación pola enseada // D.B.



As embarcacións quedan abarloadas ata a saída// D.B.

chegaron as primeiras embarcacións veciñas á enseada de Bueu. Pola tarde, trala recepción tiveron ocasión de visualizar un filme no Centro Social do Mar. O sábado xa estaban

ducia embarcacións visitantes que saírían navegar pola tarde pola costa do municipio. As condicións metereolóxicas eran óptimas para unha navegación sen incidentes. Xa en terra, os navegantes celebraron a cea de despedida na carpa da Festa do Polbo, evento co que xa é habitual coincidir. Amáis das actividades para os participantes do encontro, este ano quíxose involucrar tamén á veciñanza. Conseguiuse grazas á proxección dun documental e de material gráfico da asociación buenense contra a fachada da praza de abastos.



O bote xeiteiro 'Os Galos' chega aos pantaláns logo dunha das travesías durante a Semana Mariñeira // D.B.

INVENCIBLES MAIS ESQUECIDOS

Diana Bernárdez

O galego é un pobo migrante. Na procura dunha oportunidade, dun cambio ou dunha saída á súa situación a maior parte dos galegos que emigraron dende fai séculos fixérono por cuestións laborais. O pasado foi especialmente duro. A mediados, rematada a guerra civil española foron moitos os que trataron de buscar unha segunda oportunidade noutro lugar. Outros, sen marchar por completo nin ficar aquí, tiñan o traballo moi lonxe da casa. É o caso dos mariñeiros que, cos avances na construción naval, puideron ir máis lonxe do que o facían até aquel momento.

Boa parte dos pesqueiros do país dirixíronse cara o norte. Detivéronse cando atoparon faena. Onde bate o mar máis bravo. Un lugar farto de traballo e espléndido en peixe. Chegaron ó Gran Sol. A longa travesía obrigaba a ir a terra para repoñer víveres pois non voltarían até teren as bodegas cheas. Deste xeito, comezou a relación entre os mariñeiros galegos e o pobo de Bantry sito no condado de Cork (Irlanda). Pouco a pouco, algunhas casas armadoras galegas tamén se estableceron alí. A combinación das duras condicións de traballo e das escasas medidas de seguridade provocou que foran frecuentes os accidentes abordo dos pesqueiros. Un golpe de mar podía levar a calquera.

Foi o caso de Constantino Leal Piñeiro e do seu compañeiro A.L.C.. O 3 de marzo do ano 1.965 traballaban abordo do pesqueiro 'Altea' cando o mar lles cobrou coa vida. Constante 'o da pimpona', como era coñecido na súa vila natal, Bueu, apareceu ós dez días no aparello doutra embarcación galega que faenaba na zona. O seu compañeiro correu distinta sorte pois nunca o atoparon.

Nese momento, comezou unha auténtica odisea para a súa familia que podería rematar agora, case cincuenta anos despois do seu falecemento. O finado tiña trinta anos e deixou muller e dúas fillas. A súa dona, Gloria Agulla con vinte e oito anos e as pequenas de once anos, Julia, e vinte e dous meses, Gloria, tivo que traballar moi duro para sacar ás nenas adiante.

Por se a situación non fora complicada en por



Constante e a súa familia na romería de Sanamedio

//Foto cedida

ela, sumémoslle a insolidaridade dunha casa armadora que lle amosa un documento á viuva que debe asinar para supostamente cobrar o seguro pola morte do seu home e que logo resulte que xa lle deran sepultura ós seus restos nun cemiterio irlandés e o servizo funerario esgotara tal compensación. Na actualidade Gloria supera os setenta anos e está decidida a repatriar as cinzas do seu defunto marido.

-Por que non trouxeron ó seu home cando faltou?

- Na casa armadora decíanme que collera a indemnización porque tiña que manter ás miñas fillas. Logo, chegoume unha carta que falaba de que me pertencían 8.000 ou 10.000 pesetas. Fun a Cangas, á casa armadora con ela. Unha vez alí ven o xefe e dime <señora, este es el gasto que ocasionó su marido en Bantry>.

- Tivo algún tipo de axuda?

- Comecei a cobrar dous anos despois. Cobraba 1.000 pesetas pola viudedade e 500 por cada

filla. E para conseguilas aínda tiven que dar moitas voltas. Entreguei o certificado de defunción me enviaran en Massó, aquí en Bueu, e seica tiña que esperar a que chegara a Cangas para que mo tramitaran. Fun a Cangas e non sabían nada. Alí topeime cunha rapaza que me arranxou todo para que as nenas tiveran a seguridade social polo pai.

- Había máis casos coma o seu?

-Miraba que morría aquel, aquel outro e tampouco os traían. Nese sentido non me sentía soa porque sabía que había máis xente á que lle pasaba o mesmo.

- Tivo que traballar moito para sacar soa ás súas fillas.

-Andiven toda a vida na de Massó. Sempre tratei de que non tiveran falta de nada. Que non foran menos ca os demais nenos por non ter pai. A máis maior, aos doce anos foi para o colegio de huérfanos do mar que había en Ferrol. A pequena criouse entre a escola das monxas e a fábrica de Massó.

- Agora quere repatriar as cinzas do seu home, como non o trouxo antes?

-Non tiña tempo. De feito non sabía nin que



Constantino Leal Piñeiro

// Foto cedida

estaba a dúas horas de avión da súa tumba. Agora podo facelo.

-En que fase están os trámites da repatriación?

-Só nos queda agardar. Xa enviamos a solicitude con toda a documentación que nos pediron. Neste momento dependemos do que nos digan para traelo e enterralo por fin na súa terra.


[Reseña bibliográfica] MICHAEL J. CARROL RETRATA Á 'SEGUNDA ARMADA INVENCIBLE'

O'Xedas

La Segunda Armada Invencible. Pesqueros Gallegos en el Gran Sol é un traballo de 152 páxinas do autor irlandés Michael J. Carrol natural de Bantry publicado en España por Netbiblo no ano 2008.

La Segunda Armada Invencible é, segundo o seu autor, un libro contra o esquecemento. Michael J. Carroll lembra nesta obra os anos en que Bantry, un pequeno pobo costeiro do condado de Cork no oeste de Irlanda, foi "invadido" por mariñeiros galegos que acudían ao seu porto en busca de refuxio e subministracións. A narración abarca o sucedido desde a chegada dos primeiros barcos, en 1946, até os últimos anos da década dos 70, en que os barcos deixaron de visitar Bantry. Un libro contra o esquecemento dunha época e das súas xentes, unha homenaxe a aqueles que viviron aqueles duros anos, no que se alternan divertidas anécdotas e episodios tráxicos.

Este volume resulta imprescindible para coñecer, desde a perspectiva irlandesa, a intrahistoria dese "desembarco" pesqueiro. O Instituto Universitario de Estudos Marítimos e o Instituto Universitario de Estudos Irlandeses, pertencentes á Universidade da Coruña, publican este documento como homenaxe a todos os implicados naquela empresa por consideralo fundamental para calquera estudioso sobre temas marítimos e históricos, así como para o público en xeral.



A LOCALIDADE IRLANDESA DE VALENTIA LEMBRA AOS MARIÑEIROS GALEGOS

O'Xedas

Hai xa uns meses tivo lugar na illa irlandesa de Valentia, no Condado de Kerry, un acto de homenaxe a 23 mariñeiros galegos (e un vasco) falecidos naquelas costas do Gran Sol. Fíxose unha ofrenda floral e inaugurouse un monolito que contén unha lenda en galego, castelán, gaélico e inglés cos nomes dos 24 tripulantes de diferentes barcos e a data do seu pasamento. O acto estivo presidido polo ministro irlandés de Asuntos Rurais, Eamon O'Cuiv. Tamén asistiron a conselleira de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño da Embaixada de España no Reino Unido, o cónsul honorario de España en Cork e representantes das autoridades locais do Condado de Kerry.

A Embaixada española e as autoridades irlandesas salientaron nos seus discursos a dimensión humana do acto, a importancia económica das actividades pesqueiras e os fortes vínculos emocionais que existen entre Galicia e Irlanda, especialmente coa illa de Valentia. Actualmente, dos 160 barcos españois que faenan no Gran Sol, 115 son galegos e o resto, da cornixa cantábrica.



O cemiterio durante a homenaxe // O'Xedas



Illa de Valentia // O'Xedas

Recuncho literario

BUCANEIROS DE HOXE

Xaime Toxo

Cando estaba durmindo sentiu un lixeiro proído no peito que non chegou a espertalo. Ao rematar de ducharse, observou no espello que lle saíran uns puntos negros entre as mamilas. Vestiuse e apurou. Esa mañá tiña unha reunión co Consello de Accionistas. Ocupou a súa cadeira de Presidente e comezaron. Tres horas despois, as molestias do proído obrigárono a saír da reunión. Tirou a garabata, abriu a camisa e ollou que os puntos formaran un debuxo. Arrimouse ao espello do baño do despacho. Non podía ser. Enxergouno con calma, era o que lle parecera, unha caveira con dúas tibias cruzadas. Pingas de suor escorregáronlle polas tempas. Lavou a cara, compúxose e regresou á reunión. Esa noite en casa volveuna mirar, ocupara todo o seu peito. Deitouse e soñou co mar. Pola mañá, cando soou o espertador, notou unha rixidez na perna dereita. Tocouna e deu un chimpo na cama. Do xeonllo para abaixo a perna era un cacho de madeira. – Non!- berrou. Espertou a muller. – Que tes?- preguntoulle. – Noto algo raro na perna-

díxolle. - Eu míroa coma sempre-. Cruzou o vestíbulo titánico do banco axexando se alguén se decatara que camiñaba arrastrando unha perna de madeira. Nun descanso da Xunta de Accionistas, pediulle ao médico de empresa se lle podía mirar o peito, notaba unha opresión. Abriu a camisa, a caveira cubría dende as mamilas ata o embigo. -Non encontro nada raro- opinou despois de auscultalo. O chofer deixouno en casa. Decidiu que durmiría máis cómodo sen a media perna. Amenceu cun parche negro tapándolle a conca baleira do ollo esquerdo. A chosqueira levouno a cortarse mentres se barbeaba. Esa mañá o Consello aprobou elevar o prezo das hipotecas e lanzar dous novos produtos de alto risco. Xantou co Vicepresidente e varios accionistas. Non ceou e deitouse esgotado. O vindeiro día tiña que presidir a Xunta Xeral de Accionistas, unhas mil persoas. Erguese cedo, non alborexara. Aparecéralle un pano negro anoado na caluga cubríndolle a cabeza. Colocou o parche, amarrou a perna e vestiu a roupa que lle deixara preparada a doncela: unha casaca vermella, unha blusa con voantes e un bombacho de raias amarelas e negras. Os mil aplaudiron de pé cando se situou diante do micrófono para abrir a reunión. ¡Viva a Santa Irmandade dos Mares! – bradou-. Á abordaxe, pasarémolos a coitelo.

Humor mariñeiro

Luís Davila





Sementeira do orballo é a primeira escolma de poemas de Luís Chapela Bermúdez. A súa traxectoria é a de alguén que non ten paraxe. O traballo levouno ó mar. Xa fora dende terra cando andaba á ardora como dende travesías máis longas coma as propias da marina mercante. Conta que sempre lle gustou escribir. Que houbo momentos de paréntese e outros máis axeitados para facelo. As numerosas colaboracións coas publicacións do Morrazo proban as súas inquietudes. Amáis cabe destacar labor de recuperación da memoria oral que realiza coas persoas máis maiores das aldeas da comarca.

Agora amósanos os seus poemas. "Este é un libro feito na casa". Refírese así á publicación pola colaboración dos seus fillos durante o proceso. Sementeira de orballo divídese segundo a temática dos poemas: poemas do mar, da terra, da vida e do amor.

Mans

Mans que cheiran a salitre,
que arrastran polo aparello,
que enchen as caixas de peixe,
que cosen e remendan redes.

Mans que buscan croques,
que turrán polo sacho e dánlle volta á area,
que recollen esterco nas praias,
que recuperan a riqueza do mar en sacos e caldeiros.

Mans que apertan remos contra toletes
que rastrexan e escollen o camarón,
que descabezan polbos,
que asentán as nasas na popa do barco.

Mans que procuran alimento,
que collen un cativo no colo,
que saben pousarse na meixela dunha muller,
que saúdan e cerran tratos,
que pertencen ó mar de Moaña.



Portada do poemario

Mar de fartura

Cando chega o outono o mar de Tirán esperta
alumeado cos fachos das gamelas.

Todas amontoadas fronte ós olmos do Igresario,
resoan os angazos caendo no mar.

Van tirando da vara os mariñeiros,
na procura de procura de berberechos, ameixa babosa e fina.
Tamén caen no mar as follas vencidas pola brisa fresca da mañá.

As torcazas cantan á cegada do día
e comen con fame as boliñas negras dos loureiros.
Non hai dúbida logo, chegou o outono a Tirán.

Redeiras

O aire traía o recendo da terra mollada
polo neboeiro que sube desde o mar , e as
mulleres baixan polo camiño de pedras e lama
entre vellos carballos que chegan a praia .

Sentan no pequeno peirao do lazareto e
lentamente van pasando polas súas mans
as redes rotas da última noite de pesca .

Van cocendo os aparellos coma si os mares
todos estiveran nas súas mans , o mover a rede ,
esta libera as pingas do océano , que o sol fai brillar .

Son mulleres redeiras , que fan un traballo artesán
herdado de outras mulleres , sempre envoltas no frío ,
na soidade do pequeno peirao coas mans cortadas e
cheirando a salitre .

Verán 2012 , Tirán

Bágoas salgadas

O ceo se cabreou con todo , o sol exiliado baila sen parar
o ritmo de unha nova festa e ata as estrelas foron
de troula procurando abrazar esperanzas e paixóns .

Memorias podres que o océano as vomita sen medo
con espuma de delirios batendo na praia de áreas brancas ,
baixo o calor dun calor maldito e insultante .

Ala abaixo no con fin dos espíritos das casas encantadas ,
a xente camiña buscando miradas limpas e un sorriso
que cheire a mimosas e a loureiro por toda a ría .

Pecho os ollos mentres agardo pola madrugada e
con voz rebelde , grito a todo , o pasado , o futuro
os soños que case sempre falan da alma e da vida .

De novo verei as gamelas entrando no mar de fora ,
cheo de escuridade e de mariñeiros afeitos a noite
con bagoas salgadas que as veces verteron en silencio.

Primavera 2012 , Tirán

TRES TEMPOS

I

ARRIBARON os presaxios co vento de xuño
envolveitos en aromas frescos e cálidos
de buguinas,

hortensias,

auga e fiúncho.

(Corpos en movemento, raiolas de luz e sombra).

No barco novo, libre

e salgado,

moraban baldes ateigados de mar, estrelas...,

desexos de auténtica presenza, de area...,

de peles branquísimas unidas

nas horas centrais do pracer.

(As noites eran curtas e áxiles, tépedas, cálidas,

e as flores durmían nos penedos un soño de amor e océano).

Nas horas auspiciais das cunchas, do comezo,

atopámonos tremecendo

polo desexo inaugural.

II

A plenitude das tardes cálidas.

Derrubamos os nosos corpos sobre a area silenciosa
e redescubrimos a mensaxe da fertilidade do tempo.

O mar tráenos frescura a esta calor de terra

e enfeitamos os nosos corpos con algas e grans brillantes.

O instante é unha abella que zoa na tarde auténtica.

O presente é unha elipse das aves da tarde azul.

Cando os panos brancos voan entre as nubes

o pracer é unha flor que se abre nos corpos.

Amplíate en min, modélame coma arxila,

pálpame, sínteme, apértame contra ti, home fértil e suave.

Cos meus labios viaxeiros, húmidos e salgados,

percorrerei a túa pel nesta tarde plena e cálida.

Procuraremos os lagos entre as rochas marítimas,

ollaremos os barcos dende o azul forte e profundo,

e nesta tarde cálida, auténtica

e madura,

descubriremos de vez

a plenitude dos corpos.

Lucía Novas

III

A serenidade.
As mans enlazadas.
Durmimos en noites de amor, de arroz branco e silencio.
Ti estás onda min,
e acaricio as túas pálpebras coa miña lingua
fresca
e marítima.

Serenidade.
Aire oceánico.
Ollamos os nosos corpos dende o desexo colmado
(noite de fogo e aire, horas de mar e lume)
e lembramos con plenitude a danza das sabas brancas.
Coa frescura da mañá,
almorzamos sorrisos neste leito
de estrelas fecundadas.

Guillermo Gefaell

Morrer xunto ao mar

Quero morrer xunto ao mar,
a se encher de sal os últimos alentos:
Que recorde a saudade dos mares non vividos
que agonice, na praia, a fría esperanza das ondas.



Cativa esperaba a serea

A serea, que todo sabía de estrelas
de mar, de marés e golfiños;
que amaba o xentil camiñar
subtil dos ourizos;
que adoraba o lonxincuo tanxer
das baleas en cantos senlleiros,
sentada na rocha cuberta de algas
isolada na praia deserta,
esperaba,
coa cauda bambeando nas ondas
dunha mar curta e fría na area.

Silente espreitaba o percurso
do sol cara á noite descendo,
nos ollos mil lapas das vagas
nerviosas, morrendo de anxeio.

Cativa de amor esperaba a serea,
axexando no largo horizonte,
o presaxio dun barco mareiro;
baixo as nubes erguéndose en torres,
a miraxe
dunhas velas no mar á pendura
dun instante efémero e intenso.

Esperaba,
contendo na gorxa o canto vibrante,
o degoiro que acouga no peito:
Un mariño de fronte de vento
asucando as augas profundas
con namoro de mastros e tempo.

E levalo,
impotente da presa do arpeo,
ata o fondo do océano inmenso
onde encher, transparente, o seu corpo
de eterno silencio.

Xaime Domínguez Toxo

ULISES VOLTA DAS ILLAS**I. Ulises no seu mar.**

Roberto búrlase do mar que nos obriga, na enchente, a gabear por riba dos penedos. Bate a marusía contra as pedras e as xerfas anegan as furnas. Sentimos a presión do vento sobre nós, sobre os ollos. Meu pai e os homes andan a cobrar dunha xávega. Unha tosta - “¿Que pinta no mar?”, pregunta a berros o patrón -, cabalga aboiano no rizo da onda, subindo e devalando coa resaca. Baila no medio da espuma branquísima. Hai que ir collela, facer firme os cabos e agarrala. A tosta golpea con forza na area, revírase entre as pernas, zafa por debaixo do aparello. Unha voz e un riso profundo recorren a praia. Fenden os homes da gamela os remos na negrura da tinta dos chocos, a bogada é enérxica, renxen os estobos nos toletes, a virada da chalana por riba da tralla funde as cortizas. Un xuramento resoa baixo as nubes mouras cargadas de chuvia. A voz de Manolo Lavandeira estrala contra a galerna. As xaretas ténsanse, e a ardentía do xarabal, apiñado dentro da rede, escalda na superficie do mar, entolecendo as gaivotas. A tosta enfiou contra os cons e ficou varada, os corpos dos homes, coas pernas firmemente fincadas na area, cobran con rabia dos chicotes. A voz arfada do patrón marca o ritmo dos pulos; as bandas da xávega comezan a aparecer malladas de piardas e bolos. Un dos homes afrouxa a tensión e, dun lategazo, estrica o claro do aparello no aire con forza, facendo tremer a malla; o peixe, ao depenar, entra no copo da arte. Algúns acoden correndo dende a chalana, xa en terra, a botar unha man. Debaxo dun ballón, que arroia para enchouparnos, o copo xurde do mar como unha lúa en movemento, brillando a rebentar. Nós levantamos con forza o aparello pola coroa e abocamos a carga na area. O patrón berra polas patelas, comeza a repartir os quiñóns. O peixe miúdo, as fanecas, as luras, os chocos, algún abadexo van cubrindo os fondos das cestas; os mariñeiros asexan o reparto. O rillote de Roberto achégase renarte, cóase entre as pernas dos homes, apaña un dos chocos, agáchao por dentro da camisa e bota a correr polas leiras arriba, liscando. O patrón mírao fuxir. Agarra un bolo e tirallo as gaivotas, danlle ganas de mandar a un dos homes detrás daquel bandallo, pero cala e segue co reparto. Murmura de seguido o nome do pai do rapaz, ata que finalmente se decata que o bisbar non lle interesa a ninguén. Bota un pecado e sigue co reparto dos quiñóns. O patrón, ese home roibo que ten sereas tatuadas nas meniñas dos ollos, é o meu pai; Roberto, meu mellor amigo; coma quen di, criouse na casa.

II. Non ser serea levoulle anos á nai de Ulises.

Miña nai, Clara, era unha especialista en apañar verbas. Unha ves, cando eu era pequeno, dixen leite e ela apañou unha vaca. Outro día, dixen xurelo e apañou unha rapeta enteira; pero detrás da rapeta viña unha parella de bous de Marín, e cada bou traía unha tripulación de quince homes. A miña nai sentounos en ringleira na mesa do comedor e preparoulles unha caldeirada de: Que me conta? Como lle vai? Que tal está vostede? Vai todo ben? A marea foi boa? Entón, eu dixen pai, e miña nai apañou ao máis roibo de todos eles. Un que tiña as meniñas dos ollos coa forma das sereas. Cando estaba contento, e fitabas para el, as sereas nadaban dentro dos seus ollos. Cando se deitaban miña nai chamáballe “meu patrón”, xuntos botaban uns aturuxos que enchían a casa de carriolas e gorrións, facían tremer as paredes e o teito volvíase transparente. Eu aproveitaba para saír voando pola xanela e dicir todas as palabras prohibidas coas que se entendían os mariñeiros, e que miña nai non me deixaba pronunciar na casa, xa sabedes: merda, carallo, foder; porque miña nai dicía que con esas palabras só conseguía apañar confesións de beata, tarxetas de crédito caducadas ou ascensores que che vertían no andar alampante das rebaixas, nuns grandes almacéns que non deixaban mirar o mar. E que podíamos facer nós se non podíamos mirar o mar?

Unha mañá, ao espertar, trabuqueime, en vez de bos días dixen adeus, e miña nai apañou o baleiro ao outro lado da cama. Cando chegamos ao peirao o barco do meu pai, o mariñeiro louro

que levaba sereas tatuadas nos ollos, estaba coas portas dos aparellos amarradas na popa en ruta cara os bancos dun norte máis aló do horizonte.

- Non te amoles, sorríume a miña nai, levan boa marea, van de barlovento e logo han de estar de volta.

Para escapar da señardade que nos deixara aquela ferida berrei area e miña nai apañou unha praia de mar verde esmeralda, con loureiros enriba dos penedos. Había uns cons tan redondos coma os seus peitos. Eu, dende o máis alto, tireime espido de cabeza no mar e aboiei durante horas, pintando o morto, coma se fora un muxo que agardase na fenda da miñoca.

Esgotado de nadar fiquei durmido enriba dunha pedra con forma de ventre de balea revirada; o sol viaxando por riba nosa, fechábame as pálpebras. Espertei borboriñando fame e miña nai apañou unha mesa de terraza nunha illa grega, con mantel a cadros e cadeiras de madeira palla. Estaba atendida por un home cotrolo e calvo que gastaba un negro bigote de morsa, e tiña unhas diminutas alas nos nocellos que lle permitían ir e vir voando cun prato en cada man. “Os gregos das illas máis afastadas do continente somos así; aínda nos queda algo dos tempos dos deuses”, grallou diante do meu pasmo. Miña nai aplaudía cada ves que aparecía cunha fonte: de polbo feito na brasa, iogur con macedonia ou follas de figueira adobiadas de leite callado con amoras e canela.

Cando rematamos de xantar, miña nai botouse a bailar e a cantar con aquel home. Agarrados polo van movíanse, coma se viaxaran nunha alfombra voadora, por entre as mesas. Eu quixen dicir algo, pero quedei enlevado, ollando o azul interminable dun ceo que me cativaba.

Cando me fixen grande, esa maneira parva que os maiores teñen de chamar á chegada do insomnio, embarquei de mariñeiro de altura. Coñecín a inmovilidade dos mares xeados, onde o tempo non existe e nunca te fas vello; as chairas dos carromeiros, tan mestas que podes camiñar durante días por riba do mar sen afundirte; os labirínticos neboeiros, nos que virabamos en redondo sen atopar a saída, coa saudade que consume aos presidiarios perpetuos.

Eu falaba coa miña nai a través do satélite, dicíalle Galicia e ela apañaba para min a butaca vella na que meu avó sentaba no cine, o chifro da conserveira que había a carón da nosa casa e os ventos de regreso, os mesmos que lle desordenaban as saias ás rapazas cando íamos á escola. Logo mandábame todo polo correo electrónico cunha nota: “Envíoches este paquetiño virtualmente”, escribía ela no ordenador.

Regresei despois de embarcar peixe en todos os mares do mundo, xa gañara a condición de levar sereas tatuadas nas meniñas dos ollos. Cando me mirou coa miña pucha de la, o pantalón de tea branca, as botas de pel de balea e o abrigo cos botóns do cobre, sorríume e berrou.

Por fin volviches, non conseguía apañar unha palabra que che trouxera onda min.

III. Ulises no mar da amizade.

Roberto deixou de facer camiños enriba da mesa coas cunchas dos caramuxos que recollera na praia e dedicouse a esculcar de onde saíra aquel orballo repentino. O que mirou foi a súa mirada atravesando a choiva. Enxergou, sentado, a choiva mollar a miña chaqueta, coa ollada detida nas pingas, no mar cor de chumbo do fondo e na chalana que aboíaba nunha das lapelas da miña chaqueta mollada pola chuvia.

Sempre teño esa sensación de que deixamos algo esquecido no recordo – arfou.

Seguro que era certo, pensei, algunhas débedas de encontros e certas despedidas que esfarelaban o tempo ao noso arredor. O tempo, como maquiá de fariña, peneirando sen parar a vida entre os dedos das mans.

Teño a sensación de estar sempre mastigando o mesmo toro de maragota, de estar recollendo na casa da miña avoa un eterno bocadillo de marmelo preparado sobre unha mesa de mármore branco. A mesma incerteza de soidade deitado nos cons desta illa que cando era neno. Paréceme que en todos estes anos nunca me movín de enriba das pedras que abanean.

Roberto repetía as palabras “tal vez”, “poder ser”, “quizais”... e eu poñíame nervioso, “ata pode

ser que?”...pregunteille. Logo estaban os seus movementos, intentando representar o mundo cas partes articuladas do seu corpo. Erguendo moito os brazos por riba da cabeza para conseguir peitear os ventos. Coidei que nos seus recordos eses ventos xa non nos ían desbaratar o pelo, nin nos farían mudar ningún rumbo. Marcharan atrapados pola resaca, no devalo da marea. El colleu folgos e comezou a petar un aire de pandeirada coas mans na mesa da taberna de Checho. Logo entouo baixiño: “Vente ventiño do norte, vente ventiño norteiro...”

A min o de lembrar ventos sempre me gustou. Díxencho, verdade? Atopei unha foto ciscada entre as páxinas dunha novela de dous rapaces collidos polo ombro nun recheo que hoxe non existe; amosan un buraz pendurado dunha liña.

Roberto levantou a cara devagar, levou o vaso aos beizos, deixou escorregar un grolo de viño póla gorxa, e engadiu con acento de lembranza.

Esa foto era no peirao de madeira da conserveira, tiñamos dez ou once anos.

Sorrín con mágoa, pero ninguén me viu. Fixérase de noite e debía estar a chover enriba dos soportais da Rúa do Vilar. Estabamos na Illa de Ons óndo chover en Compostela.

De todos os xeitos, non é un mal recordo o desa foto – arriou.

Iso soltouno á altura do Cairo, diante do areal de Canexol cando íamos camiño do Buraco. Eu faláralle por primeira vez da foto que atopara entre as páxinas dunha novela que me prestara en Compostela, o inverno pasado.

Lembro o día no que fixemos esa foto. Non é un mal recordo de cando eramos dous rillotes e andabamos aos buraces.

Estabamos baixando pola Praza de Cervantes cara á Quintana. Iamos buligar aos colegas enlencidos, deitados nas escaleiras. Roberto bruou ao baixar os chanzos da ponte dese navío de pedra: “e fomos ficando sós, o mar, o barco e máis nós”.

A Quintana, o noso ventre do silencio, interior e sentimental; nada de nós se podería entender sen ela. Estabamos tan sós sen mar en Compostela. Roberto botou a man dentro da bolsa que leva pendurada do ombro tirou fóra o Moby Dick e entregouma. “Toma –díxome- vai ser o mellor que liches nunca”.

Pola noite, deitado, sinaliei cunha foto a páxina ata onde lera.

Mi madriña, que rápido se nos botou a noite enriba! –sorprendinme.

Achegábase unha treboada de sur. Desviámonos para ir mirala. Aceleramos o paso, alancamos gabeando entre os eucaliptos para perdernos nunha calella de fento mollado e lama endurecida. Viñamos de Melide e morriamos por chegar canto antes ao Buraco.

Ei, ti! –berráchesme - Non teñas tanta présa por entrar nesa noite escura. Veña, temos tempo, paramos na baiuca e tomamos algo de comer e mais un carolino.

Respondinlle cravando os dentes no raxo dunha ración de polbo servido na da Viúva, que metera, cunha pataca cocida, entre dous anacos de pan. Trabei no pan coma se fora na caluga da muller núa, refén saída do mar, na praia de Melide. O aceite esvaroume polos pelos da barba.

Na illa de Ons, estamos ollando dende a varanda da taberna unha treboada que afundía os mundos que quedaban contra a banda de terra, Roberto asubiaba unha melodía de ventos encontrados.

Está de pé, coas mans apoiadas na varanda. Lembrei como era coas orellas inzadas de frieiras, sorbendo as luras do nariz, subindo as escaleiras de pedra da escola vella, poñéndolle música a aquela letra: “Benito Olla ten un asubío para chamar as mozas da Bando do Río...”

- Ti andabas a pillar das patelas dos homes e das rapetas na praia –acuseino.

- Teu pai nunca mo perdoou – retrucou -. O patrón do teu pai...largaba aquel aparello e parecía que todo o peixe do mar coubese alí dentro.

Roberto sorriu, pero ninguén o mirou. Viñera a noite a cubrir o noso pequeno espazo de corpos a abanear nas cadeiras, cos pé apoiados na varanda, coas mesas de madeira detrás nosa. Pediu outro carolino.

Ei, xefe, aquí un carolino!

Foi máis un laio ca un borboriño; un aturuxo de esnafrado afundido na escuridade dun mar sen estrelas. No Curro de Nós esmagaba Roberto súa voz contra o costado das chalanas. Ninguén oía a voz perdida de Roberto. A súa voz, pensei eu, fita vermella nunha cova de seda negra.

Chámao de novo – alenteino -, e dille que sexa tinta femia de Cela.

- Manda carallo, tinta femia de Cela na Illa!

E deulle o riso. A gargallada gabeou pola costa do Faro e baixou polos cantís sementados de percebes, perdéndose nas grutas onde se aparean os congros, no reino da serea.

- Así que gardas no Moby Dick a foto dos rapaces no peirao?...langrán – ironizou.

- Gardo as voces dos nenos que saían fungando da escola –respondín botando un grolo dun viño que era vinagre - e axexaban aos mariñeiros que viñan do mar, agachados baixo as táboas do peirao, cos pantalóns baixados e arremangados nos nocellos, deixando na praia a mancha escura dos xurelos en salmoira que cearan de madrugada no barco. Cando estaban anicados sobre si mesmos, nós comezabamos a berrar: Acudide a cagar! Acudide a cagar!

Púxose Roberto tenro.

- Non tiñades corazón.

- Berrabámoslle aos homes que coñecían o laño onde viven as sereas. Gardo aquel berro na memoria asociado as marusías cubrindo os penedos de Pescadoira.

Deixou que un intre de dozura quecese o recordo e logo, poñendo voz de John Balan, empezou de novo a cantar: “En tardes de domingo tan grises coma a cor dos teus ollos...”.

Levantouse da cadeira e comezou a se mover. Bailaba emparellado coa sombra ca a luz do faro pintaba do seu corpo. Cun carolino nunha man e un cigarro na outra. Uns que había na mesa do comedor fixéronlle palmas. Semellaba que toda a illa lle servise de escenario de fondo, e aquela correioira que nacía no Curro e remataba no Buraco do Inferno, fose un bulevar cosmopolita, unha pasarela alumeada por centos de letreiros de neon pola que Roberto esvaraba elegantemente, coma un Fred Astaire de pacotilla actuando nun Brodway local de dorneiros e naseiros.

- Non hai mellor foto para ese libro – asegurou.

- Máis que a foto nese libro gardo o ruído do mar a traballar na area pola noite, sen descanso; e gardo o frío irreparable que acompañaba ao vento do norte no devalo das tardes de inverno, detrás dos cristais da tenda da miña avoa. Eu estaba a mirar sempre o peirao a través dos cristais. Gardo o recordo da poalla lenta e fría que emborrallaba o mundo, cun corazón enfebrecido baténdome no peito; agardaba por ela, devecía por mirala deitada, miña rula, na cuberta de proa da chalana, golpeando o trasmallo coa súa cola de serea.

Virouse contra o taberneiro que cuspira con baba de carracho unhas palabras de propina.

- Iso son mamonadas, rapaces, chalanas, botes, dornas... non vos hai coma unha planadora de fibra con dous motores por fóra de douscentos cabalos cada un. Cun barco nesas condicións tráiovos cantas sereas queirades.

- Cala a boca ti, papán, non entendes nada – retrucoulle Roberto -. Que sabes ti? Eran outros tempos, aínda entraban baleas pola boca da ría.

Enfrontouse a el, a piques estivo de trucalo. Sentou encalmado na cadeira, coma un vello enredado nunha partida interminable de tute cabrón. Arriaba palabras que ferían coma amocelos.

- Non lle fagas caso ningún – arfei co asubío canso dun fareiro despois do vendaval – está embrutecido polo veneno do seu propio viño e as invernías en soidade desta illa sen almas. Somos os fillos do capitán Ahad, lembras?

Pero Roberto xa collera o vaso do carolino polo cu e o estourara contra o chan emporcallado de desmemoria, contornando unha pucharca de viño, na que trazaba, coa punteira dun bicheiro que alguén deixara arrimado contra a mesa, as travesías imaxinarias do retorno a unha nenez de pantalón branco, cholito de fibela enferruxada e molladura debaixo do balcón da conserveira, cun balón de coiro esmirrado metido por debaixo do “xarsé”. Debuxaba, no lameiro de viño con serradura, unha praia de rapetas e fogueiras, de aparellos a encascar e peixes a delourar nos

tendais enfrontados ás norestadas.

- Eu de neno –relateille -recordo máis que nada a praia, tamén algo da escola na capela vella, o fútbol na Alameda e andar a pedradas cos da Banda do Río, protexidos na salga do enleito, no Can do Penedo.

- Tan lonxe empeza a ficar todo?

- Non sei. Pero cando volvo á casa dos alicerces mariños, abro a novela e saes sorrindo na foto, collido polo ombro con outro rapas, enriba dun recheo que non existe. Preparo un café e penso que xa non estás nin ti. O outro rapaz son eu.

- Tan lonxe empeza a ficar todo?

Chegabamos enchoupados ao recheo da conserveira. Solemnes coma bois, remendados, coa mirada cravada na buxaina deitada na terra, dentro dun círculo que concentraba todas as olladas. Serios, botabamos man ao peto, tirabamos fóra do pantalón unha buxaina nai. Envolviámola devagar coa liña das fanecas e levantabamos o brazo para que voase a esgazar un tempo rachado de berros e risos, de carreiras loucas pola praia a xogar cunha marea de trasmallos, onde nunca mallou a serea dos nosos soños envolta entre piardas.

O ruído dos tronos por riba nosa apagou as palabras e as luces na taberna da Viúva, eran os flashes dos lóstregos que facían posible que mirásemos a realidade en intres relampantes e rapidísimos, como secuencias a cámara lenta dun barateiro filme de terror. Saíu Roberto correndo ao camiño.

- Ven –berroume - imos ver a treboada dende o Buraco.

Atravesamos as corredoiras entoxadas, coma donicelas asustadas correndo a buscar refuxio entre o mato. Pero nós seguíamos a correr, rabuñando as ganas contra a chuvia. Cando chegamos, os raios recorrían o ceo de Silleiro a Cabicastro. Ficamos enriba dun penedo, a carón do Buraco, a mirar aqueles lostregóns prendidos que baixaban das nubes para alumear as chairas do carromeiro.

- Esta é a nosa Quintana, mariñeiro sentimental – bruou Roberto -. Estou tan feito de mar e de naufraxio que case vou deixar que me arrastren as correntes oceánicas. Naquela foto nosa eu era o buraz -. E estralou en risos.

- Oíches –díxenlle contra o vento -, imos facer outra foto, coma a que temos no recheo, de cando eramos rapaces, bótame o brazo polo ombro

Enriba daquel penedo, agarrámonos cos brazos por riba dos ombros, mentres agardabamos polo lostrego máis luminoso para tirar a foto; agardabamos polo trono que ía despertar á serea dun soño de nenez esquecida, aquel que aboiaba nas táboas do peirao

- Somos nós serea! – bruou -. Estamos aquí agardando por ti para que nos fagas a foto. Vas vir?... Onde andas nosa raíña?

E un lóstrego oceánico cruzou o infinito - para nós durou un intre de vida enteira -, e puidemos ollar no mar o xurdir esvaradío dunha manda de sereas cabalgando cara o sur por riba do cumio das xerfas.

– Ei van, ei van!...berrabamos entolecidos, escorregando cantís abaixo, mollados ata a cerna do asombro.

Ao día seguinte embarcamos, para regresar a terra, nun veleiro de dous paus tan altos que navegaban rachando as nubes póla metade. Ia cheo de turistas. Vendíanlle unha visita á cova na que viven as sereas. Un deles, que falou con nós en francés, achegouse para que lle fixésemos un retrato. Entregoulle a máquina a Roberto, el colocouno contra o costado de estribor, co mar bravo do Buraco facéndolle fondo, e premeu no botón. “Xa está, meu, non se debe nada”, devolveulla.

Aquel habitante dun fogar en Bruxelas deulle as grazas, detívose a mirar a pantalla para ver que tal saíra, estupefacto levantou a cabeza e mirou a Roberto, que lle sorriu. Logo virouse contra o mar e nuns minutos interminables agardou. Coma unha estatúa antiga recuperada dos fondos mariños de Alexandría agardou por un novo chimpó daquel peixe que na foto tiña medio corpo de muller.

IV. As viaxes de Ulises.

Foi un verán que comezou cunha foto tirada nun esteiro luminoso de Durness e rematou paseando polas rúas de Edimburgo. Durou o que tardamos en estudar e fotografar as embarcacións tradicionais que atopamos ciscadas pola costeira escocesa. Viñamos de rematar a costeira das Hébridias.

Cando abandonabamos os cantís de Dover, atravesando o mar da canle, pregunteille polo seu soño de gobernar unha dorna con porto no Curro de Ons; aquel seu cobizo de neno, tan envellecido como as nubes que regresan de dar a volta ao mundo. Roberto faloume dun home que non daba atopado, o que tiña unha dorna no corazón e un estaleiro nas mans para construíla. Algún día, ese home fará unha dorna para min.

Descansabamos en Marsella cando mo dixo. Estabamos aparelando unha viaxe que remataba en Atenas, na praza da Plaka, na casa de Iorgos. Iniciáramos a peregrinaxe cara o sur dende Plymouth, nun barco estibado de contenedores cargados con soños que non eran nosos. Asegureille que aquel home non existía, que era unha lenda da súa imaxinación. Non me creu.

Ten dedos de carpinteiro de ribeira, arruinados de clarear chicotes, con tellado de uralita nas unllas.

En Palermo adornamos o mantel de papel na terraza onde xantabamos cun regueiro de paxaros que voaban máis alto có ceo. O camareiro achegouse, enxergou, sinalounos co dedo e mirando para Roberto confirmounos o rumbo ao dicir: “Whitebirds, living at the sea”.

O mar é o lugar máis aberto que teño para esconderme.

Murmurou para desembarcarnos e seguir pola estrada cara Dubrovnik. Era unha noite de lúa chea na que Roberto conducía guiado polas estrelas. Nos peiraos de Dubrovnik amarraba o cruceiro “Spirit of the Legend”, e apostou consigo mesmo por outra noite sen durmir.

- Quero mirar como navega ese xigante.

Desatracaba no abrete dese día, no que nós iamos cruzar os Balcáns. Apaíneino na madrugada bailando no barullo da xolda, botando urros a cada chifro de adeus do monstro que se perdía coa marea, e embarqueino enganado no coche, cuberto cos confetis da despedida, para que imaxinara que abandonaba a cidade dende a ponte daquel barco de cócteles e orquestras.

Non espertou ata a fronteira grega. Ao policía que o abaneou para que lle amosara o pasaporte, aseguroulle que o tempo se nos vai en achicar a caldeirazos os desexos que deixamos sen cumprir.

Teño que regresar - apuro ao garda -, non podo perder máis tempo. Cando chegue buscarei ao home que ten un estaleiro nas mans e preparareille un alpendre na beira do mar.

Despedímonos no Peloponeso dándonos unha aperta de mar. Alí sentenciou o meu destino de náufrago e separámonos nos peiraos de Patras, ao pé do ferry-boat que o había de levar a Brindisi, camiño da casa. Mireino navegar, coas mans fincadas na varanda de popa, cara os fins do mundo onde nace o océano, o centro das nosas orixes.

Continuei eu só pola estrada que me levaba a Atenas, ao encontro de Iorgos Argiris, o grego hospitalario da Plaka. Traballei durante meses en cargueiros con base no Pireo, que facían travesías labirínticas polas illas do continente. Cando cansei de manipular guindastres e baldeirar cubertas, retireime a unha casa de alicerces mariños nunha vila costeira turca. Ía vivir en Bodrum, preto de Efeso, nun lugar levantado nos areais onde o tribuno romano Marco Flaminio comezou a procura da Cidade dos Inmortais. Alí remendo aparellos e durmo cunha muller que me doe por todo o corpo.

Nun lamamento serán de inverno, no patio da taberna no que xogo contra un espello a mesma partida de backgammon, día tras día, recibín unha carta súa. Abrín o sobre cunha saudade doce de lembranzas nas xemas dos dedos. Dentro atopei unha foto e un debuxo, que me pareceu breve e infantil, escrito nun papel. Na foto estaba el cun home barbado con pucha de mariñeiro holandés, aparecían de pé diante dun estragado estaleiro de ribeira. Un espazo que transmite a maxia que se necesita para construír un destino. No escrito, un garabato feito con palabras que

queren semellar o casco dunha embarcación, lin, recorrendo a cuberta, seguindo pola cana do temón, rematando na quilla oceánica: Atopei ao home lenda, o que ten un estaleiro nas mans. Atende polo meu nome, Roberto, e está agardando por ti para navegar nunha dorna construída coas mesmas mans que fan virar os ventos.

V. As embarcacións de Ulises.

Pasaron anos antes de que eu regresase a Esteiro, a vila dos meus pais. Aparquei o auto no recheo novo, a carón do peirao da foto dos rapaces e boteime a camiñar pola praia. Que despois de tanto tempo o estaleiro de ribeira seguise en pé noutro extremo da praia alegroume cunha sensación semellante á que sentimos cando un fillo se nos durme no colo. Sorprendeume atopar alí traballando a Roberto, perdido había anos en Patras, nunha mudanza estraña de cronoloxías. Fóramos - había canto tempo? - confidentes íntimos nunha nenez inxenua de gamelas e rapetas e unha xuventude de viaxes erráticos.

Polos repasos que me facía a miña nai cando vivía, imaxinábao de ebanista nalgunha cidade do norte de Europa. “Deixeino todo e regresei de Berlín”, contoume. “Agora estou entregado a arranxar as chalanas que morrían abandonadas pola desidia. Fíxate nesta marabilla, é unha traíña con máis de cen anos”. Enxergueino. Conservaba aquel brillo irónico de ventos encontrados nos ollos. Admirei a velocidade dos seus reflexos para apañar nun aceno da súa cara a transparencia dun tempo vivido había moitos anos. Estabamos os dous de pantalón curtos de tea gris e camisa branca manchada con cuspe de miñoa, cholitos nos pés, estomballados, un serán quente de verán, enriba das táboas do peirao vello. Tiñamos unhas canas enredadas nas pernas e as liñas metidas no mar, unhas cortizas que aboiaban facendo círculos ao redor da tanza, como medusas fondeadas nun mar de ninguén.

Aquel serán de pesca entretiñámonos falando das rutas interminables das baleas, mentres oíamos o chíó das gaiivotas. Pasaron as horas, e nós seguíamos estomballados de costas contra as táboas. Cando comezamos a recoller as liñas, xirando as canas, decatámonos que unha delas ofrecía resistencia. Asexamos curiosos por riba das táboas e miramos un peixe dentro do mar coas aletas abertas e a boca atravesada polo anzó. A min parecíame que interpretaba unha danza que encerraba un segredo incomprensibles para un meniño. “Vai saír voando”, exclamei agarrando a Roberto polo brazo. “Non - respondeume zafando o seu brazo -, non sexas papán, só está loitando por vivir”. Camiñamos polo peirao ata o recheo co buraz pendurado da liña, miña nai apareceu de ningures e fíxonos unha foto.

“E ti? - preguntoume regresando ao presente -, segues de mariñeiro de altura?” “Si – respondinlle -, sigo nese mundo”. Despedímonos. Cando me estaba indo, virei a cabeza e olleino anicado sobre a embarcación. Roberto, nun movemento que me pareceu lentísimo, tamén se virou, miroume e berroume: “Volve mañá, vouna botar a navegar e ti débese unha travesía, iremos contra os mares de fóra, deica a porta entre as illas. Esta traíña vogou por riba do remuíño que facían aqueles peixiños bailaríns, lembras? Ti levabas razón, aquel buraz da foto quería voar coma un paxaro.”

Logo volveuse contra o costado e seguiu encintando con brea as fendas abertas nas cadernas.

VI. O amor de Ulises nas beiras do mar.

Movín as mans no aire, como un tremor agónico de bolboreta, para prender un cigarro, e seguí pensando naquela taberna na que se abillaba o viño, enfiaban poemas e comían alcriques. De cando en vez tamén cantabamos cancións de mares tan remotos e perdidos que acudían mascatos e paños esgotados a escoitalas. - As portas eran verdes, verdade? - Pregunteille á memoria teimuda que nunca me abandonaba. - Si – respondín -, e dentro todo estaba impregnado dun reseso cheiro a salmoira e fume de tabaco inglés.

Premín co dedo polgar no isqueiro, dinlle lume ao cigarro que sostiña nos beizos e arfei fume. Arquexei profundamente a primeira chuchada e seguí a falar comigo mesmo. Narrándome vellos

segredos con sabor a balor, recordos que se bebían nas mesas comunais da taberna, colocadas contra as paredes, xa cunha madeira tan gastada coma os papiros que descifraban o nacemento do mundo. As mesas da partida naquela taberna rexentada por un home coxo que ulía a fiúncho. - Claro, eran verdes -, asentín enlevado; coma se as estivese tocando coas meniñas dos ollos, cando o que tiña diante era un espello.

Decote acudía alí unha rapaza que sentaba no curruncho máis oceánico do local e lía as páxinas dun xornal imposíbel que presaxiaba mareas de gozos para os días vindeiros. Sorrín remexendo o café. Levantei o vaso, apenas sostido polas xemas engurradas duns dedos case transparentes. Desorientado nos labirintos de canizos chantados en areais branquísimos, seguindo o rastro das pegadas daquela muller que lía o xornal. - Canto tempo levaba morta? Máis da metade da miña vida, e iso era moito tempo -, acordei en murmurio; porque eu xa son un vello. - Son un vello, fíxate en min, un vello -, confeseille ao espectro que tiña diante na mesa, sentado coma min, sorbendo un café con leite servido nun vaso de vidro groso, e que non era outro ca eu mesmo reflectido no espello. Coa camisa de flanela abotoada ata o colo, o xerseí gris de pico e unha americana de tweed que mercara había anos nun porto frío do norte, nun país que non era o meu. Travesías dunha madurez que agora me parecían máis arredadas e estrañas ca unha nenez tan visualmente próxima. Estirei o brazo para tocarlle as engurras a aquela cara do espello, sabendo que llas tocaba á anguria de saberme o home máis deshabitado no planeta da desesperanza, de ser membro da tribo dos que só teñen recordos; aqueles que só viven acompañados de si mesmos.

Vinme duplicado naquel espello da cafetería e dubidei da realidade daquel intre, escurecido polo presente e abandonado á sombra da nostalxia. - Claro - bisbei coa cinza grisalla do cigarro esluíndose por entre as engurras do xerseí -, as portas eran verdes e tiñan uns cristais esmerilados, coa masilla apiollada dunha invernia eterna nas regañas. Tremeu a culleriña dentro do vaso de café co vendaval dos anos azoutándome nas mans. Mirei os dedos arames dun tempo que era unha resaca de mar de fondo abalando fragas de carromeiros. Chincou a culleriña contra o vidro polo abaneo imparabile do vaso nos dedos.

Estaba de novo cobrando do cabo dunha rapeta que nunca saía do mar das lembranzas. Cada pulo no chicote era un pantocazo sen remedio que me levaba a recorrer a casa da fachada caleada de branco, a cociña de azulexos delicados, onde medraba o sutil biscoito do misterio; os armarios ordenados en anos de sabas encartadas, con bolas de alcanfore disolvéndose nun aroma de estacións. Os libros nos estantes e a folla coa pluma e o tinteiro ao seu carón. A luz coándose polos visillos, os rúidos das portas. As carreiras polos corredores das cancións das miñas irmáns. O nome da nai, Clara, na boca das meniñas, nos chíos alegres das retesías.

Aquela casa nosa tan habitada que nin de noite acougaban as preguntas, nin as chamadas; nin sequera as conversas interrompidas pola magnitude do urxente, agardaban á mañá do día seguinte para encanar ese destino ventureiro das palabras. O destino das palabras ganduxadas ao destino da miña vida. Unha vida para falar sen fin, que é danzar sen fin nos bailes da imaxinación, co deveso de ser pronunciadas, de facerse son, de ser brevemente elas. Que busco eu, Ulises, que nunca deteño o meu navío? Busco a única realidade dun intre na existencia do mundo. Si, o que busco é ese intre.

Alí, na casa dos alicerces mariños, era onde se concentraban todos os desexos e as horas se convertían lentamente en historia. Aquela historia que eu escribía na mesa da taberna atendida por un home que ulía a fiúncho, onde había unha muller que bailaba coas estrelas. Quería descubrir na mirada daquela muller océano o latexo tenaz do magma que a min me rebentaba pola boca. Provocar unha colisión de epidermes. Enlearme con ela nun roce brutal de acenos estáticos, e depenarnos polas fervenzas do suor que se evaporaba dos corpos, formando unha cova de miañeiros laios. A cova na que viven os animais feridos polo desexo cósmico dunha aberta sen final.

Íallo dicir na taberna que recendía a fiúncho, cando Clara, miña nai, agarroume polo saúdo, que

xa era alento de esquecemento pola présa que levaba, e alumeoume a cara coa ardentía máis transparente da primavera ao dar-me a nova.

Teu amigo Roberto baixou enramallado do monte e Ramón, teu pai, acaba de chegar das mareas do Gran Sol.

Pechei os ollos, botei a cabeza cara atrás e deixei que o pelo me rebordase polo colo da blusa. Sentín o vento do norte batendo nas velas vermellas da esperanza e deixei-me levar polo son rítmico do mazar dos polbos contra o penedo da certeza: Ramón chega do mar e Roberto baixa da esculca a recibilo para cubrilo de flores.

O verán da miña vida esvaraba por ramplas de escamas prateadas. Abeirados a carolinos nos que aboiaban estrelamares abisais de cinco puntas, Roberto, Maruxa, Salvador, Mela e Santi, argallaban papaventos con debuxos de esteiros en seráns magníficos, na praia de Beluso á sombra dos piñeiros. E para min, que como Odiseo pelexaba con monstros e devecía por sereas, a muller que lía o xornal, labrárame un debuxo na mesa dos encontros. Os trazos daquel debuxo agoiraban que as papoulas ciscadas nas cunetas portaban alcumes de peixes bravos, paxaros ceibes, bolboretas de alas transparentes e olladas de luminosa cegueira. Levantei a cabeza do labirinto inscrito na madeira, e iniciiei unha ruta sen retorno polos territorios virxiniais da ledicia.

Os tempos dos gozos, patrón, tamén chegaron para min - confeseille ao meu pai.

Alanquei pola ribeira solitaria de Esteiro cos brazos abertos e os dedos das mans peneirando a norestada. Foi o tempo anterior a que o aire dese a volta traendo unha invernia temperá de sombras, un único aviso de naufraxio, unha parálise ingrátida de gaviotas enriba do xarabal. A onda branca do asombro deixoume estantío, coa roupa toda virada en mortalla, os ollos tinguidos coa tonalidade gris das nubes e o frío dos icebergs conxelando as palabras.

Roberto, o día da nosa partida cara Edimburgo e a costeira das Hébridas, amarraba un ramallo de xestas floreado no frontal do autobús que nos levaba ao aeroporto, o que emprendía unha viaxe pola noite de pedra dun tempo prematuramente podrecido. Esparexía aquel vehículo un fume de bágoas vermellas, amarelas e violetas; un palangre de palabras nos ouvidos deitados contra a terra que só escoitaban o rumor profundo dos laños.

- Tiñas que chegar á taberna das portas verdes para borrar o agoiro -. Apuroume a pantasma de min mesmo no espello.

- Fun alí -díxenlle -, mais soamente atopei abandono e ruindade, un mudo bater de ausencias nas ventás que deixara fuxir o recendo do tabaco e o cheiro a salmoira. Entrei, derrubeime enriba da mesa, na que ela deixara, nunha apresurada fuxida, esquecida unha foto cunha despedida. Ela, Luísa de nena, aparecía cun bote polbeiro nas mans, e tiña posta a mirada nun rumbo de empopada cara á boca da ría, cara aos mares abertos das sereas, onde comeza a manobra sen retorno das singraduras.

- Ulises, o amante das sereas, un destino fodido o teu -asubiou entre toses de tabaco o meu reflexo no espello apagando a cabicha no cinzeiro.

MODELO DE FOLLA DE INSCRIPCIÓN DE NOVOS SOCIOS

Pódese fotocopiar, tamén está nalgúns bares de Bueu e como arquivo descargable dende o noso blogue e na páxina de Facebook da asociación.

**ASOCIACIÓN DE AMIG@S DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONÁIS
'OS GALOS'. BUEU. C.I.F: G-36353464**

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMO SOCI@

Nome e apelidos:

DNI: Enderezo: C.P: Municipio:

Provincia: Teléfono: Correo electrónico:

EXPÓN:

1º Que quere formar parte desta asociación cuxa finalidade é promover, difundir e valorar o patrimonio marítimo e conservar e recuperar as embarcacións tradicionais da zona.

2º Que acepta os estatutos da asociación e os acordos da xunta directiva elixida entre todos os socios, tendo dereito a participar nas asembleas e actividades que se realicen.

3º Que ten a obriga de contribuír economicamente cunha cota de 12 euros anuais para adultos ou 1 euro anual para menores de 16 anos.

4º Que dito pago se fará efectivo mediante o ingreso da cota nas oficinas de Novagalicia Banco no número de conta: 2080 5412 74 3040106599 especificando claramente o seu nome e apelidos.

Por todo isto

SOLICITA:

Á xunta directiva a súa admisión como soci@ da Asociación de amig@s das embarcacións tradicionais 'Os Galos' de Bueu.
Sinatura solicitante

En _____, a _____ de _____ de 201

PROGRAMA PROVISIONAL DO XVI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONÁIS DE BUEU

Un ano máis a asociación de amigas e amigos das embarcacións tradicionais Os Galos ten o pracer de convidalos ó encontro que organiza no concello de Bueu. A cita marítima terá lugar os días 17, 18 e 19 de agosto.

Venres 17:

-Recepción das embarcacións visitantes.

Sábado 18:

-Presentación do sexto número da Revista de divulgación da cultura marítima e fluvial 'Os Galos'.

-Navegación pola enseada de Bueu.

-Cea de confraternidade entre os participantes.

Domingo 19:

-Navegación pola enseada de Bueu.

-Despedida das embarcacións visitantes.

Durante a semana do 13 ó 19 de agosto a sala Amalia Domínguez aloxará unha exposición con arteluxios da asociación. Agardámoslos! Boa singladura!



Navegación na enseada de Bueu //D.B